



FUNDACIÓN GONZALO  
LÓPEZ ABENTE



**“BRETEMADA” co-editado pola Fundación Gonzalo López Abente e Alvarellos Editora, finalista do Premio Ánxel Casal ao libro de poesía 2011.**

O pasado ano a Fundación Gonzalo López Abente, conxuntamente con Alvarellos Editora, recuperaron o inédito do escritor muxián Gonzalo López Abente, “Bretemada”, que fora escrito entre 1917 e 1922, e permanecía inédito, en mecanoscrito depositado na Real Academia Galega. A edición correu a cargo do escritor Miro Villar, e foi incluída na Colección Rescate, que dirixe Olivia Rodríguez para Alvarellos Editora, e no que se inclúe un limiar do presidente da RAG Xosé Luís Méndez Ferrín.

“Bretemada” acaba de ser escollido como finalista ao Premio Ánxel Casal 2011, dentro do apartado de libros de poesía, no que se premia á mellor edición dun libro de poemas entre todos os editados ao longo do ano 2011. O premio está convocado pola Asociación Galega de Editores, e o fallo terá lugar no transcurso da Gala da Edición que se celebrará en Santiago de Compostela o 9 de marzo.

Para a Fundación Gonzalo López Abente o feito de chegar a ser finalista do premio máis importante da edición en galego supón xa un recoñecemento a todo o traballo que supuxo a recuperación deste inédito, para o que foi preciso poñer en común as vontades tanto da Fundación, como de Alvarellos Editora e da Real Academia Galega.

Os membros do Padroado da Fundación queren aproveitar para recoñecer publicamente o excelente traballo de Henrique Alvarellos, que como editor coordinou a un gran equipo de profesionais para deseñar e editar “Bretemada” como un libro cunha fermosa factura, que ben a contribuír a poñer en valor a magnífica calidade literaria do texto poético de Gonzalo López Abente.

NOTA: Para mais información contactar con:

X. H. Rivadulla Corcón. Vicepresidente da Fundación Gonzalo López Abente.

Tel: 619 29 32 12. Correo: rivadullacorcon@gmail.com